

CERTEZAS

O romeno Mihai Eminescu (1850-1889) foi un dos grandes poetas románticos europeos e unha voz referencial dentro desta corrente. Sen embargo, a súa obra aínda non podía ser lida en galego, circunstancia que vén de repararse co volume *Poeme Postume (Poemas Póstumos)* editado pola Asociación Celso Emilio Ferreiro dentro da Colección O Roibén. Nel, Inma Pérez Rocha encárgase de seleccionar os textos, traducilos e introducirmos á figura deste ser atormentado polas dúbidas vitais que se enfronta a unha natureza misteriosa e estarrecedora capaz de sumerxilo na desolación onde só atopa a certeza do verso -“Só o poeta (...) atravesa a infinidade do tempo”- como salvador.

Tempos Novos, 65, outubro 2002, p.72.